

HISTORIA, INSTITUCIÓN, MASS MEDIA

Grazas a todos; ao colega, Anselmo López Carreira, que saiba canto o admiro e lle desexo éxitos. Cando se compara o minúsculo co importante -aquilo de *si magna licer componere parvis*-, o diminuto queda engrandecido. Grazas.

A HISTORIA

Non foi a historia un xogo da miña infancia, nin da miña adolescencia, foi a vida: acabara os estudos de teoloxía e recibía dúas propostas nunha, dar clases aos seminaristas de filosofía e obter titulación na Complutense. Quería estudar matemáticas e ser un bo xadrecista, mais daquela foime imposible e optei por Filosofía e Letras: aí a historia atrapoume.

Canto conseguimos en Promocións Culturais Galegas S.A nas décadas do 80 e 90, é coñecido. Foi un intento duplo: dar aos galegos da rúa a memoria en historia do pasado e editarmos o semanario *A Nosa Terra* e as monografías e sínteses en diversos volumes. Algo fixemos e aquel empeño durou máis de 30 anos.

Que intereses, que necesidades a satisfacer lle pedíamos á historia? Persoalmente tiña unha dupla necesidade:

- A de coñecer este país, a súa perifericidade, os sinais de colonialización e a saída dunha situación -iso na "Transición"- que se advertía perigosa e para a que urxían vías eficaces de cambio. Non é o caso de Galiza o único, abundan os parecidos. Un, o do pobo xudeu, pobo sufridor, mais nunha resistencia milenaria que aguantou persecucións atroces -as expulsións nos ss. XIV a XVI, o holocausto no XX-, que dá ao mundo un número maior que ninguén de sabios, artistas etc. Iso o pobo xudeu, que en 'Israel' non é capaz de convivir cos veciños!

-Inquietábame o meu país e a Igrexa galega. Non tan inquisitorial como a 'toledana', pero anémica, -cadavérica, dicía Monseñor Araújo-, incapaz de ser galega.

Pretendía atopar na historia respostas a estes retos. Pero con que historia?, porque a historia actual non é aquela de loanzas aos reis, aos pobos; non é unha forma literaria de entretemento. Cumpría utilizar métodos novos e darlle cientificidade aos resultados da busca. Aquela Complutense dos 50 tiña profesores de historia, uns historicistas, outros positivistas. De esguello tivemos contacto con Vicens Vives, con P. Vilar e as publicacións da historia dos *Annales*; logo estivemos en contacto coas escolas marxistas, posmarxistas, coa historia cuantitativa, analítica, etc.

Sabía que sen investigación non se sae do manualismo inservíbel. Mais na altura era o ensaio de divulgación seria o que estaba en proxecto. Hoxe é máis urxente a actividade dos historiadores. E. Hobsbawm escribe: «*A destrución do pasado, ou máis ben dos mecanismos sociais que vinculan a experiencia contemporánea do individuo coa de xeracións anteriores, é un dos fenómenos máis característicos e estraños de fins do s. XX. O historiador é necesario para encher ese hiato mortal*». (*Historia do s. XX*, 13).

Wallerstein insiste en lembrarnos que a xeración de maio do 68 non se rebelaba contra os gobernos, «*senón contra unha sociedade de clases inaceptábel*».

A sociedade actual é a que está en crise, «*unha crise non só dos principios da civilización moderna, senón tamén das estruturas históricas das relación humanas que a sociedade moderna herdara do pasado preindustrial e precapitalista e que, agora podemos afirmalo, permitira o seu funcionamento. Non é unha crise dunha forma concreta de organizar a sociedade, senón de todas as formas posíbeis.*» (E.H., o.c., 21).

A historia de Galicia coa que contábamnos no 1977, era moi limitada, aínda que os da xeración Nós nos entregaran volumes importantes do seu proxecto. Hoxe, logo da *Gran Historia de Galicia* de profesores da USC e da contribución de monografías de diversos autores, podemos mergullarnos no pasado historiado, achegar os coñecementos propios e presentar unha interpretación grazas a bases firmes.

O que os rebeldes do maio do 68, o que a mocidade actual parece buscar, non o vai atopar nos manuais escolares (difícil de achar neles algo que se poida nomear 'historia'). Mais a ciencia física, e a historia *-ut talis-*, ten que axudar nesta urxencia de busca. A ciencia con avances -probablemente máis alá teoría da relatividade e mesmo da física cuántica- desde unha visión holística que poña sobre a mesa a interdependencia de toda a realidade cósmica.

Para nós, os galegos, desde unha análise a descubrir como a partir dos Trastámaras, na segunda parte do s. XIV e, de forma metódica, desde os Reis Católicos, somos obxecto dunha imposición de cultura, de lingua e de estrutura social substitutiva da que creara e modelaba este país. Descubrir eses "poderes agochados" -o poder absoluto da Monarquía entre eles- as institucións sofisticadas e a trama "colonizadora" etc.

Na actualidade perigosa na que estamos, non se pode agochar que é o capitalismo o que domina o malestar. Galicia é un obxecto de experimento até a destrución das bases da súa entidade para convertela en sucursal dese sistema que crea periferias e inventa paraísos.

Son consciente da hipercomplexidade da historia a descifrar o pasado e a fotografar o presente soterrado. Walter Benjamin escribe: "Non se pode esperar nada, mentres os destinos máis terribes e escuros analizados nas súas causas e consecuencias, non axuden ás xentes a recoñecer os escuros poderes aos que a vida está sometida". (Cita de J. Fontana)

Di Stazmford Kart Priban, en *Languages of the brain*: «*As valoracións sociais que hoxe dominan son unha ilusión, a ilusión de que estamos a vivir un progreso líneal. É unha concepción determinista e trágica do ser humano. Con esta visión funcional a persoa parece quedar atrapada polas leis do sistema..., todo por ese intenso grao de miopía para ver ao lonxe e en múltiples direccións.*» Miopía dupla: a de non ver esas multiplicidades e a de non revisar o pasado no que os perdedores non eran menos intelixentes que os vencedores, ás veces, máis.

Para terminar: queda a outra preocupación, a da igrexa galega. Dicar que xa me referín ás institucións a descubriren a súa escura función represiva: unha é a Igrexa.

Recibiron os galegos unha evanxelización nos primeiros séculos; logo da morte de Prisciliano xa había aquí unha Igrexa dupla: a monacal e a episcopal. As dúas estaban inculturadas e solidarizadas cos galegos.

Logo da reforma político-relixiosa dos Reis Católicos, a Igrexa galega quedou descabezada; nin o monacato, nin o episcopado, en xeral, proceden do país, nin ten intención de promover o país senón de aculturalo á España. É unha institución imposta e insolidaria. A loita interna no monacato e no episcopado foi, é constante: unha maioría é allea á Galicia, unha minoría é solidaria co país. O sector clerical da Igrexa galega é un problema, non é unha solución.

Quero finalizar cunha mención que me dá un mestre e cantor deste país, Mero Iglesias:

*Teremos que reescribir a Nosa Historia con agulla e fío
Para poder cerrar as feridas, aínda abertas,
Para pedir prorroga á cólera silenciosa que aínda berra
E que permitiu enchernos os ollos de sangue
E mesma a ollada, de vermellosos pigmentos
Cheos de pena e tristeza, cheos de ocos baleiros*

(No papel que mudo escoita, p.181).

Francisco Carballo, Santiago de Compostela, 3-III-12
